

Instrución 2/2026, do 18 de marzo, pola que se establece o procedemento electoral simplificado

Preámbulo

O vixente Regulamento Electoral Xeral regula o procedemento electoral xeral nos artigos 10 a 20, e contempla no artigo 21 a posibilidade de que determinados procesos electorais se poidan tramitar por procedemento simplificado cando, pola natureza especialmente sinxela do propio proceso, así o acorde a Comisión Electoral, atribuíndolle á Secretaría Xeral a competencia para ditar a instrución que desenvolva o procedemento.

En cumprimento do disposto nese artigo, apróbase a presente instrución pola que se regula o procedemento aplicable aos procesos electorais autorizados pola Comisión Electoral a ser tramitados polo procedemento simplificado.

Artigo 1. Obxecto do procedemento electoral simplificado

Os procesos electorais poderán tramitarse polo procedemento simplificado nos casos expresamente previstos no Regulamento Electoral Xeral ou, cando pola natureza especialmente sinxela do propio proceso, así o acorde a Comisión Electoral, de oficio ou a solicitude do órgano ao que se corresponde convocar as eleccións.

Artigo 2. Convocatoria

1. A convocatoria de eleccións realizarase por resolución da presidencia do órgano colexiado no que se desenvolverá o proceso electoral ou pola persoa titular do órgano unipersoal ao que lle compete a súa organización.
2. Cando a votación teña lugar nunha sesión do órgano colexiado, a convocatoria poderá realizarse mediante a inclusión nun punto da orde do día da sesión, sempre que se acompañe como documentación complementaria a referida no parágrafo seguinte.

Noutros casos, a convocatoria debe ser publicada ou notificada, nos termos establecidos no artigo 7.

3. A convocatoria incluírá as persoas electoras e elixibles, o calendario electoral e, no seu caso, o censo provisorio e o prazo para presentar reclamacións contra o mesmo.

Artigo 3. Presentación de candidaturas

1. No calendario electoral establecerase o prazo, non inferior a un día, para a presentación de candidaturas, a presentación de reclamacións contra as mesmas e a proclamación das candidaturas definitivas.
2. A secretaría do órgano facilitará o modelo ou formulario de presentación de candidaturas e de presentación de reclamacións.
3. As reclamacións que poñan de manifesto erros materiais, de feito ou aritméticos serán atendidas pola secretaría do órgano. As reclamacións doutra natureza deben remitirse a medida que se presenten á presidencia da Comisión Electoral para a súa resolución.
4. A proclamación provisorio e definitiva de candidaturas debe ser publicada ou notificada, nos termos recollidos no artigo 7.



Artigo 4. Campaña electoral

A campaña electoral non será obrigatoria, podéndose omitir ou substituír por unha breve intervención das persoas candidatas antes do inicio da votación cando a mesma se produza durante a celebración dunha sesión do órgano colexiado.

Artigo 5. Votación

1. A votación poderá ser electrónica ou realizarse en urna.
2. De optarse pola votación electrónica, deberá remitirse unha solicitude á Secretaría Xeral cunha antelación de 15 días á convocatoria, acompañada dun borrador da mesma. A Secretaría Xeral poderá desestimar a solicitude cando o recurso ao voto electrónico non resulte proporcionado ou cando por razóns de índole técnica ou administrativa non poda ofrecerse o referido soporte electrónico.

A votación electrónica rexerase pola Instrución 1/2026, do 12 de marzo, da Secretaría Xeral, sobre o desenvolvemento do voto electrónico nos procesos electorais da Universidade da Coruña

3. De realizarse votación en urna, constituirase unha mesa electoral composta pola persoa presidenta, a secretaria e unha persoa integrante do órgano designada pola presidenta.
4. A votación poderá ter lugar durante a celebración dunha sesión do órgano colexiado ou durante un período de tempo determinado na convocatoria, que deberá ser proporcionado á natureza simplificada do procedemento.
5. Serán de aplicación ao procedemento simplificado as condicións da votación para elixir representantes de órganos colexiados co fin de garantir unha representación paritaria, recollidas no artigo 16 do Regulamento Electoral Xeral.

Cando a votación se realice en urna, ademais das causas de nulidade dos votos recollidas no artigo 96 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, serán nulos os votos emitidos que incumpran as condicións de paridade establecidas no devandito artigo 16.

Artigo 6. Escrutinio e proclamación de candidaturas electas

1. Concluída a votación, realizarase o escrutinio, que será público.
2. No calendario electoral establecerase o prazo para a proclamación provisoria de candidaturas, a presentación de recursos contra as mesmas e a proclamación definitiva das candidaturas electas.
3. A proclamación provisoria e definitiva de candidaturas electas debe ser publicada ou notificada, nos termos recollidos no artigo 7.

Artigo 7. Publicación e notificación

1. A publicación requirida para os sucesivos trámites do procedemento electoral realizarase a través do Taboleiro Electrónico Electoral, previa solicitude de publicación dirixida pola secretaria do órgano á Secretaría Xeral cun día de antelación.
2. A publicación pode ser substituída pola notificación persoal por correo electrónico, sempre que quede garantido o coñecemento do trámite por parte de todas as persoas interesadas.

Na data de sinatura electrónica.

A secretaria xeral